



Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “A Laracha IX”

Especialidades: Traballos de carpintería e moble (MAMD0209) e Pintura industrial na construción (EOCB0311).

Artigo 1. Disposición xeral

A convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “A Laracha IX” 2024/2025 do Concello da Laracha, ten por obxecto incentivar a contratación e promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto nos artigos 15 e 35 da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2024.

Artigo 2. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

- 2.1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes ou que tivesen participado no obradoiro dual de emprego “A Laracha IX”, financiado a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, actualmente Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (condicionada á xeración de crédito en función das solicitudes presentadas).
- 2.2. As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria terán que cumprir cunha duración mínima de alta na Seguridade Social de 3 meses, podendo incentivarse un máximo de 20 contratos cun límite orzamentario de 30.000 euros.
- 2.3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo
- 2.4. As contratacións terán que formalizarse, con carácter xeral, nos quince días posteriores á finalización do obradoiro dual de emprego, concretamente entre os días 2 e 16 de setembro de 2025, agás autorización expresa da Consellería.

Artigo 3. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

- 3.1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:
 - Persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como



na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como

o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

- Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos talleres duais de emprego, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida nos mesmos:
 - o Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)
 - o Pintura industrial en construción (EOCB0311)

3.2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3.3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias, fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.



- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

3.4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

3.5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4. para obter a condición de beneficiaria realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 4. Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrência

4.1. As contratacións incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

4.2. Os beneficios establecidos á contratación nesta convocatoria serán incompatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotización á Seguridade Social.

4.3. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados



pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 5. Exclusiones

5.1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

5.2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

5.3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6. Solicitude, documentación e prazos

6.1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.



Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, deberán ser realizados electronicamente a través da Sede Electrónica do Concello da Laracha.

6.3. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- a) DNI, NIE, NIF, CIF da empresa ou certificado electrónico de representación e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, segundo o modelo do anexo.
- c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- d) Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e autorización para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de A Laracha.
- e) Certificado de conta bancaria.

Artigo 7. Xustificación e pagamento

7.1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 1 mes dende o remate da contratación subvencionada por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.
- b) Contratos de traballo das persoas obxecto de subvención, que tiveran participado no Obradoiro dual de Emprego “A Laracha IX”, formalizados, con carácter xeral, entre os días 2 e 16 de setembro de 2025, agás autorización expresa da Consellería.



- c) As tres nóminas correspondentes aos tres meses obxecto da subvención.
- d) Os RLC e RNT correspondentes aos tres meses obxecto da subvención.
- e) Os xustificante bancario do pago das nóminas.
- f) Os xustificante bancario do pago dos seguros sociais.
- g) Modelo 111 correspondente á persoa e período subvencionado.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigas das entidades beneficiarias

8.1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego “A Laracha IX”.

8.2. Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención durante o tempo mínimo establecido nestas bases, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período obxecto de subvención, isto é, 3 meses de alta na Seguridade Social a xornada completa.

- No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello da Laracha no prazo de sete días dende que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

- o Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente.
- o En caso contrario, a entidade beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de emprego “A Laracha IX”.
- o No caso de que o Concello da Laracha non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo afectivo da contratación.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- o De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello da Laracha esta nova contratación, acreditando:
 - o O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
 - o Baixa da persoa contratada inicialmente.
 - o Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
 - o Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.

8.3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes

anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

8.4. Xustificar ante o Concello da Laracha o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello da Laracha. Particularmente, no caso de ser así establecido na resolución de concesión, aportar copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, no prazo estipulado na antedita resolución de concesión.

8.5. Comunicar ao órgano competente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.

8.6. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.



Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.8. As contratacións polas que se solicita a subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá á entidade promotora do taller dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

8.9. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello da Laracha de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para facilitar o cumprimento desta obriga o Concello da Laracha facilitará o modelo de cartel a colocar no lugar de traballo.

Artigo 9. Competencia

O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas axudas será a Xunta de Goberno Local do Concello da Laracha, por delegación da Alcaldía.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

10.1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria será por orde de entrada no rexistro e expediente completo, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nas persoas empregadoras dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

10.2. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

10.3. Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de



decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 11. Resolución e recursos

11.1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

11.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude na sede electrónica do Concello da Laracha para a súa tramitación. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia. .

11.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

11.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo,

recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

12.1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

12.3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cesa na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Artigo 13. Devolución voluntaria da subvención



13.1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

13.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 14. Protección de datos

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello da Laracha.

Artigo 15. Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello da Laracha, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na décimo segunda, así como para a avaliación deste programa.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANEXO I

SOLICITUDE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO A LARACHA IX

1. Datos da entidade solicitante:

Razón Social / Nome e apelidos		
CIF / NIF		
Enderezo		
Concello – Provincia		
Código Postal		
Teléfono		
Correo electrónico		

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Nome e apelidos	
NIF	

2. Datos a efectos de notificación (marque cunha X a opción desexada):

Método de notificación preferente	Electrónica ☐	Postal ☐
-----------------------------------	--------------------------------------	---------------------------------

Indique o enderezo postal a efectos de notificacións, se esta é a opción elixida, e o enderezo e distinto ó indicado

Enderezo postal a efectos de notificacións

3. Datos bancarios:

Titular da conta	
I.B.A.N.	

4. Subvención solicitada:

Solicítase unha axuda para a contratación de _____ persoa/s alumna/s do obradoiro dual de emprego A Laracha IX a xornada completa, por un período mínimo de 3 meses, das especialidades de (marque cunha X a opción desexada):

- ☐ Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)
- ☐ Pintura industrial en construción (EOCB0311)

5. A persoa representante declara:

- a) Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas (marque cunha X a opción desexada):

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para que se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concedeu outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Organismo	Importe

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

b) Que en relación coas axudas de mínimos:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de mínimos.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de mínimos, que son as que se relacionan a continuación:

Organismo	Disposición reguladora	Ano	Importe

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de mínimos solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao de publicación da presente convocatoria é de _____.
- Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados na mesma.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non estar excluídos do acceso aos beneficiarios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.



f)

Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente pagamento nin ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

6. Documentación que presenta

- ☐ DNI/NIE da persoa representante
- ☐ NIF da entidade solicitante
- ☐ Poder para actuar en nome da entidade
- ☐ Certificación bancaria do número de conta
- ☐ Certificado de representación (de ser o caso)

7. Comprobación de datos

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	Opoñerse a consulta
DNI/NIE da persoa representante	
NIF da entidade solicitante	

8. Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos (Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.), informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DA LARACHA , NIF: P1504200E, Enderezo: Praza do Concello s/n, 15145, A Laracha, A CORUÑA, Correo electrónico: sede@alaracha.es , Teléfono: (+34) 981605001.

O delegado de protección de datos do Concello da Laracha co que se poderá contactar en dpd@alaracha.gal .

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo.



A

persoa interesada terá dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos persoais concirnan ou, no seu caso, solicitar a supresión cando os datos xa non sexan necesarios en relación coa finalidade para os que foron recollidos. Poderá, así mesmo, retirar o seu consentimento, sen prexuízo de que esta administración poida negarse a suprimir os datos, entre outros motivos, por finalidade de arquivo e interese público.

Así mesmo as persoas interesadas teñen dereito, en determinadas circunstancias, a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos.

Para exercer os dereitos relativos á Protección de Datos, o CONCELLO DA LARACHA facilitaralle formularios específicos.

Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a súa información adicional detallada sobre Protección de Datos solicitandoa por correo electrónico: dpd@alaracha.gal.

9. Lexislación vixente

- Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro Dual de Emprego A Laracha IX.
- Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidades Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm. 38, xoves, 22 de febreiro de 2024).

10. Sinatura da persoa solicitante ou representante:

Lugar e data:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es